

O ALPINISMO / MONTAÑISMO “Máis que un Deporte”



Dende este Club de Montañismo, queremos informaros dunha noticia de xusto recoñecemento internacional a nosa actividade de percorrer, coñecer, valorar, sentir, protexer e defender a Montaña.

O pasado 11 de decembro en Bogotá (Colombia), a UNESCO (Organización das Nacións Unidas para a Educación a Ciencia e a Cultura) aprobou por unanimidade a candidatura presentada por Italia, Francia e Suíza no ano 2018, para nomear o Alpinismo como “Patrimonio Cultural e Inmaterial da Humanidade”.

Con esta declaración feita na XIV Sesión do Comité Intergubernamental para a Protección do Patrimonio Cultural e Inmaterial da Humanidade, se fixo evidente o que sempre foi evidente, que o Montañismo/Alpinismo foi, é, e sempre será, **“Máis que un Deporte”**.

As razóns para este recoñecemento e nomeamento son moitas e tamén moi variadas, entre elas:

- O Alpinismo non é soamente unha actividade física que requira calidades atléticas e experiencia técnica, é moito máis.
- O Alpinismo non se pode definir simplemente por realizar actividades como a exploración de paisaxes fascinantes ou a procura de logros persoais, é moito máis que iso.
- O Alpinismo, ademais das anteriores razóns, tamén se caracteriza por un marco mental de compromiso persoal e sentido da responsabilidade propia.
- O Alpinismo é coñecemento do entorno natural, e respecto por el cunha forte solidariedade.
- O Alpinismo é relación social e exemplo de convivencia e amizade.
- O Alpinismo é tamén, tódolos seus antecedentes históricos e culturais.

Todas estas características e razóns excepcionais, e outras máis, fixeron que a UNESCO nomeara o Alpinismo/Montañismo como **“PATRIMONIO CULTURAL INMATERIAL de VALOR HUMANO e SOCIAL, EXCEPCIONAL e UNIVERSAL”**.

Resumindo. O Alpinismo/Montañismo é recoñecido pola UNESCO como o “arte de escalar cumes e paredes de montañas coas propias forzas físicas, técnicas e intelectuais; de desafiar as capacidades propias coa correspondente experiencia, tratando e entendendo os obstáculos naturais e non artificiais; de avaliar e asumir riscos medidos; de autoxestión, responsabilidade e solidariedade; e tamén, de respectar a outras persoas e tódolos lugares naturais.

Como Club de Montañismo, nos enche de ledicia e lóxico orgullo este nomeamento da nosa actividade montañeira, co recoñecemento oficial dun organismo como a UNESCO declarando que o Alpinismo/Montañismo é, **“Máis que un Deporte”**

Se estades interesados/as en libros escritos por persoas cun grande coñecemento sobre o mundo da Montaña e o Montañismo, podemos aconsellarvos esta pequena lista de títulos:

“La Montaña y el Hombre”	Georges Sonnier	Editorial RM, 1977 Barcelona
“El Sentimiento de la Montaña”	Eduardo M. Pisón/Sebastián Alvaro.	Edicións Desnivel 2014
“La Montaña es mi Reino”	Gaston Rébuffat	Edicións Desnivel, 1999
“La Montaña”	Maurice Herzog	Editorial Labor, SA., 1967
“Los Conquistadores de lo Inútil”	Lionel Terray	Edicións Desnivel, 2015
“Montañas de Una Vida”	Walter Bonatti	Edicións Desnivel, 2012
“Mi Elección”	Krzysztof Wielicki	Edicións Desnivel, 2019

Son moitos os libros escritos sobre as Montañas e o Montañismo. Que cada quen busque aqueles que máis vaian coa súa personalidade, ou preferencias sobre o pracer de subir montañas co sentimento e emocións que leva aparelado. Cremos que sería un bo comezo, comezar por ler “La Montaña y el Hombre” e “El Sentimiento de la Montaña”

Moitas grazas.

Antonio Fernández (Cholo)